Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RRHH
SECCIÓN DE PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, DE TRES (3) PRAZAS DO CORPO DE PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FORMACIÓN PROFESIONAL ADSCRITAS AO IES ROSALÍA MERA.

Primeira.- Previsión legal expresa.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 132, do 29 de decembro de 2021), en vigor desde o 30 de decembro de 2021, aborda importantes reformas estruturais no ámbito do emprego público co obxectivo da redución da temporalidade.

Así, adicionalmente aos procesos de estabilización que regularon os artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, no artigo 2 autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos estean contempladas nas distintas administracións públicas, e estando dotadas orzamentariamente, estean ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020. O sistema de selección establecido expresamente neste suposto é o de concurso-oposición.

Segunda.- Normas xerais.

2.1. É obxecto das presentes Bases a regulación específica da convocatoria para a cobertura en propiedade como persoal funcionario de carreira de tres (3) prazas do corpo de profesor/ a técnico de formación profesional, identificadas na base terceira e pertencentes ao subgrupo A2 (clase técnicos de grao medio, subescala técnica da escala de administración especial), polo sistema de concurso-oposición do proceso de estabilización derivado do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

2.2. As presentes Bases específicas complétanse coas Bases xerais para o profesorado dos procedementos selectivos que convoque a Deputación provincial da Coruña en execución dos procesos extraordinarios de estabilización de emprego temporal.

2.3. Nas probas selectivas estableceranse, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola

que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Terceira.- Identificación das prazas convocadas.

3.1 As prazas convocadas están incluídas en Oferta de emprego público, segundo se detalla:

- Oferta de emprego público do exercicio 2021-estabilización, aprobada por Xunta de Goberno en sesión ordinaria realizada o 18 de marzo de 2022 e publicada no DOG nº 61 do 29 de marzo de 2022: 3 prazas.

3.2. Identificación das prazas convocadas:

OEP 2021 – ESTABILIZACIÓN

CÓDIGO PRAZA	CÓDIGO POSTO	GRUPO/ SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	PRAZAS	DENOMINACION	ADSCRICIÓN
1.1.56.18	1.1.93.18	A2	AE	1	Profesor/a técnico de formación profesional (especialidade mecanizado e mantemento de máquinas)	IES Rosalía Mera
1.1.56.19	1.1.93.19	A2	AE	1	Profesor/a técnico de formación profesional (especialidade mecanizado e mantemento de máquinas)	IES Rosalía Mera
1.1.56.1	1.1.93.1	A2	AE	1	Profesor/a técnico de formación profesional (especialidade instalacións electrotécnicas)	IES Rosalía Mera

Cuarta.- Requisitos das persoas aspirantes.

4.1. Requisitos xerais.- As persoas aspirantes deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, os requisitos xerais esixidos na base sexta das

xerais reguladoras dos procesos de estabilización (BOP núm. 197 do 18 de outubro de 2022).

4.2. Requisitos específicos para participar no proceso selectivo.- O persoal aspirante deberá estar en posesión ou en condicións de obter, antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

-Título de grao, diplomatura ou equivalente para os efectos de docencia e

-Máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente. Con carácter xeral, acreditará a formación pedagóxica e didáctica requirida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensino secundario obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará o/a aspirante para a presentación en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado Máster a persoa aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, o certificado de aptitude pedagóxica ou o certificado de cualificación pedagóxica.

- Estar en posesión do título de mestre/a, diplomado/a en profesorado de educación xeral básica, mestre/a de ensino primario, licenciatura en Pedagoxía ou Psicopedagoxía. Así mesmo, tamén estará exento o persoal que estivese a cursar algunha das anteriores titulacións e cursase 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.

- Impartir docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados de ensino regulado debidamente autorizados, en ensino de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato ou de formación profesional, ou de escolas oficiais de idiomas, conforme ao establecido na Disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

4.3. As persoas aspirantes que superen o proceso selectivo deberán achegar certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, ademais da

documentación relacionada na base décimo quinta das xerais reguladoras dos procesos de estabilización (BOP núm. 197 do 18 de outubro de 2022).

Quinta.- Solicitudes. Documentación

5.1. De acordo coa Base xeral novena e ao amparo do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude de forma telemática a través da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, no Portal de Emprego Público CONVOCA, accesible na ligazón https://dacoruna.convoca.online. A inscrición realizarase de acordo coas instrucións que se lle indican, sendo necesario identificarse mediante a plataforma de identificación e firma electrónica Cl@ve, en calquera das súas modalidades.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no "Boletín Oficial do Estado".

5.2. Se a persoa aspirante non presenta a súa solicitude de forma electrónica, resultará excluída na relación provisional de persoas admitidas e, se non emenda no prazo concedido para o efecto, quedará definitivamente excluída do proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, para estes efectos considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

5.3. O órgano competente poderá acordar que se cubra substitutoriamente en papel cando unha incidencia técnica debidamente acreditada imposibilite o funcionamento ordinario dos sistemas.

5.4. Á solicitude telemática de participación no proceso selectivo deberá anexarse a seguinte documentación:

- DNI/NIE ou documento fidedigno en vigor que acredite a identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- Titulación esixida na Base específica 4.2, salvo que na súa solicitude autorice a consulta telemática á administración competente.
- Acreditación de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica requirida, nos termos da Base específica 4.2.
- Acreditación do pago da taxa correspondente, nos termos da Base específica 6ª.

- En caso de concorrencia de causa de exención total ou parcial no pago da taxa pola súa condición de membro de familia numerosa de carácter especial ou xeral, respectivamente, conforme ao disposto na Base específica 6ª, achegará o título de familia numerosa en vigor, salvo que na súa solicitude autorice a consulta telemática á administración competente.
- Documentación acreditativa dos méritos baremables alegados na solicitude de participación, salvo que se aleguen servizos prestados na Deputación Provincial da Coruña, nese caso non será necesaria a acreditación documental se na súa solicitude autoriza a comprobación de oficio, de conformidade co establecido na Base específica 7ª.
- Certificado de Lingua Galega 4 (Celga 4) ou título equivalente debidamente homologado.

5.5. No caso de que a persoa aspirante autorice na súa solicitude de participación a consulta telemática á administración competente da información relativa á titulación esixida no proceso selectivo e/ou a súa condición de membro de familia numerosa de carácter xeral ou especial, non será necesaria a acreditación documental destes datos, sen prexuízo de que esta Deputación provincial se reserve o dereito a requirirlle a citada documentación cando motivos técnicos debidamente xustificados imposibiliten a realización da consulta telemática.

5.6. De acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, os aspirantes con discapacidade poderán pedir na súa solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

En caso de solicitar a adaptación, deberán achegar, ademais do certificado do grao de discapacidade, o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade, no que se acredite as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao da discapacidade recoñecida, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

5.7. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Sexta.- Pago das taxas por dereitos de exame.

Estarase ao disposto na base décima das xerais reguladoras dos procesos de estabilización (BOP núm. 197 do 18 de outubro de 2022) e ao disposto nestas Bases específicas.

6.1. Segundo a Ordenanza fiscal núm. 3 da Deputación Provincial da Coruña, reguladora da taxa por dereitos de exame:

Para participar no proceso selectivo deberanse satisfacer os dereitos de exame, na contía que se indica:

GRUPO/SUBGRUPO	IMPORTE DA TAXA
A2	24,05€

Será causa de exención total ou parcial no pago da taxa a condición de membro de familia numerosa de carácter especial ou xeral, respectivamente. Para os membros de familia numerosa de carácter xeral establécese unha bonificación do 50%.

6.2. A acreditación do pago da taxa realizarase:

- En caso de pago telemático, achegará o xustificante de pago no apartado correspondente da inscrición telemática no proceso selectivo.
- En caso de pago presencial en calquera das entidades colaboradoras (Abanca, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander e Caixabank), achegará, como xustificante de pago, o documento validado pola entidade colaboradora a través de certificación mecánica ou, na súa falta, co selo e firma autorizada no espazo reservado para estes efectos**.**

Sétima.- Sistema de selección.

O sistema de selección será o concurso-oposición (máximo 75 puntos).

7.1. Fase de concurso (máximo 30 puntos).

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e en ningún caso se poderá aplicar a puntuación obtida na fase de concurso para superar a fase de oposición.

A) Méritos baremables:

A fase de concurso deste proceso de estabilización nas prazas obxecto de convocatoria consistirá na avaliación por parte do Tribunal cualificador dos méritos baremables que concorran en cada unha das persoas aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A consideración dos méritos estará orientada a valorar a idoneidade dos candidatos para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características das prazas convocadas.

A puntuación da fase de concurso representará, como máximo, un 40% da puntuación total.

Os méritos valoraranse, ata un máximo de 30 puntos, segundo o seguinte baremo:

1. Experiencia docente previa. Valorarase a experiencia docente cun máximo de seis anos (que resulten da suma dos distintos apartados) e ata un máximo de 27 puntos, cos seguintes criterios de puntuación:

   a) Por cada mes ou fracción superior a 15 días de experiencia docente con carácter temporal como funcionario interino na especialidade do corpo á que opta a persoa aspirante, en centros públicos: 0,375 puntos.

   b) Por cada mes ou fracción superior a 15 días de experiencia docente con carácter temporal noutras especialidades do mesmo corpo ao que se opta, en centros públicos: 0,2 puntos.

   c) Por cada mes ou fracción superior a 15 días de experiencia docente con carácter temporal noutras especialidades doutros corpos diferentes ao que se opta, en centros públicos: 0,1 puntos.

Enténdese por centros públicos os centros creados e sostidos por as distintas administracións.

A puntuación da experiencia profesional estará referida a xornada completa; en caso de xornada a tempo parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente, salvo os servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente establecidas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón de violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

Así mesmo, a puntuación correspondente a cada mes de experiencia docente será proporcional á total fixada para cada apartado.

Valoraranse igualmente os servizos prestados como persoal laboral temporal nos grupos e categorías correspondentes e como laboral indefinido non fixo recoñecido por sentenza.

2. Formación ata un máximo de 3 puntos:

- Formación académica (máximo 1 punto): Titulacións académicas oficiais de nivel superior distintas das requiridas para o acceso á categoría correspondente. En caso de estar en posesión de varias, unicamente valorarase a de nivel superior.

- Outros méritos (máximo 3 puntos): Cursos impartidos ou homologados por administracións públicas ou por outras entidades do sector público ou impartidos no ámbito da formación para o emprego ou acordos de formación continua, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto de convocatoria, así como o coñecemento da lingua galega (só se valorará o nivel máis alto de formación) e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros: 0,08 puntos/hora.

  Non se valorarán os cursos pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

B) Acreditación dos méritos baremables:

Unicamente serán obxecto de valoración os méritos alegados pola persoa aspirante referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A acreditación dos méritos acompañarase á solicitude de participación no proceso selectivo.

1. A acreditación da experiencia docente previa realizarase mediante certificado de vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, e certificado expedido polo órgano correspondente, no que deberá constar o período dos servizos prestados e a categoría profesional.

   No entanto, en caso de servizos prestados na Deputación Provincial da Coruña, non será necesaria a acreditación documental se a persoa aspirante autoriza na súa solicitude a comprobación de oficio polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

2. A formación académica e outros méritos acreditaranse co correspondente diploma ou título.

Publicación das puntuacións obtidas en fase de concurso:

O Tribunal fará pública na sede electrónica desta Deputación provincial, no Portal de Emprego Público CONVOCA (https://dacoruna.convoca.online/), a puntuación provisional outorgada a cada aspirante e concederá un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas e, en caso de non realizarse ningunha, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva desta fase de concurso farase pública, así mesmo, na sede electrónica desta Deputación provincial, no Portal de Emprego Público CONVOCA (https://dacoruna.convoca.online/).

7.2 Fase de oposición (máximo 45 puntos).

A orde de actuación das persoas aspirantes iniciarase por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra «T», de conformidade co resultado do último sorteo a que se refire o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo resultado se fixo público mediante Resolución do 28 de xaneiro de 2022, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 24 do 4 febreiro de 2022.

A fase de oposición constará de:

Primeiro exercicio.- Consistirá nunha proba estruturada en catro partes, que poderán realizarse en días diferentes. Ningunha das catro partes terá carácter eliminatorio.

O exercicio valorarase globalmente de 0 a 45 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 11,25 puntos para superalo.

1ª Parte.- Valorarase de 0 a 15 puntos. A puntuación obtida polas persoas aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

Consistirá na valoración por parte do Tribunal dunha unidade didáctica relativa á especialidade da praza á que se opta, que deberá ser elaborada pola persoa aspirante en relación coas materias contidas no correspondente programa do anexo e presentada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña.

A persoa aspirante escollerá, de entre os contidos que figuran no temario da praza á que opta, aqueles que considere adecuados para elaborar unha unidade estruturada,

coherente e apropiada para o nivel e idade do alumnado ao que vai dirixida, non tendo que aterse aos contidos dun único bloque.

A unidade didáctica non poderá conter ningún dato persoal que permita a identificación do seu autor/a, nin poderá presentarse asinada en ningunha das súas follas, quedando excluídas de valoración aquelas que non cumpran estes requisitos.

Redactarase por unha soa cara; a dobre espazo interlineal; con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño 12 puntos e a súa extensión será como mínimo de 50 folios e, como máximo de 80, que se numerarán.

A unidade conterá un mínimo de 10 sesións didácticas que aparecerán numeradas no índice e cada unha delas estará prevista para ser desenvolvida nunha clase de 50 minutos.

A estrutura da unidade conterá, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Descrición:

Neste apartado xustificarase a elección da unidade describindo o eixo en torno ao cal se vai organizar, os logros educativos que se queren alcanzar e o curso ou ciclo formativo ao que vai dirixida. Igualmente farase referencia á súa vinculación co deseño curricular da ESO, bacharelato ou ciclo formativo correspondente e co bloque ou bloques de contido dos que forma parte. Así mesmo, sinalarase a súa conexión con outras unidades didácticas ou con outras materias da relación de méritos e cuantos outros factores puidesen incidir no seu desenvolvemento.

b) Obxectivos:

Relación de obxectivos xerais e específicos expresados en termos de capacidade.

c) Contidos:

Relación de contidos que se traballan ao longo da unidade.

d) Actividades:

Secuenciación e descrición de cada unha das actividades propostas, indicarase a metodoloxía que se ha empregar e a súa temporalización.

e) Estándares e resultado de aprendizaxes avaliables:

Son concrecións dos propios criterios de avaliación.

f) Competencias clave:

Aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

g) Recursos:

Materiais didácticos, espazos, recursos humanos ou tecnolóxicos necesarios para levar á práctica a unidade.

h) Atención á diversidade:

Previsión de actuacións concretas que permitan adecuar a unidade á diversidade de competencias e intereses do alumnado.

i) Mínimos esixibles:

O mínimo esixible para obter unha valoración positiva da unidade.

j) Avaliación:

Criterios, procedementos e instrumentos que se utilizarán, ao longo da posta en práctica da unidade didáctica, para a valoración da aprendizaxe do alumnado, da práctica docente e da propia unidade didáctica.

2ª Parte.- Valorarase de 0 a 15 puntos. Consistirá na contestación, nun tempo máximo de dúas horas, dun cuestionario tipo test de 50 preguntas (máis outras 5 preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas, das que só unha será correcta, sobre os temas da parte xeral incluídos no programa anexo.

Cada resposta correcta obterá unha puntuación de 0,30. As respostas incorrectas, as non contestadas ou as nulas non computarán.

3ª Parte.- Valorarase de 0 a 7,5 puntos. A puntuación obtida polas persoas aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

Consistirá na presentación perante o Tribunal cualificador da unidade didáctica elaborada pola persoa aspirante, durante un tempo máximo de 15 minutos, e na exposición oral dunha das sesións didácticas que integran a dita unidade, a elección do Tribunal, durante 50 minutos como máximo. Ao finalizar, o Tribunal poderá solicitarlle as aclaracións que estime oportunas.

Para a exposición, a persoa aspirante poderá utilizar o material auxiliar que estime oportuno do que vaia provista. Disporase de 30 minutos para organizar a exposición e confeccionar, no seu caso, un guión que non excederá dun folio e que deberá entregar ao Tribunal ao finalizar a súa exposición.

4ª Parte.- Valorarase de 0 a 7,5 puntos. A puntuación obtida polas persoas aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

Consistirá nunha proba práctica, realizarase nun tempo que determinará o Tribunal cualificador, que permita comprobar que a persoa aspirante posúe a formación necesaria e un dominio das técnicas de traballo precisas para impartir as áreas, materias ou módulos propios da especialidade á que se opta.

Segundo exercicio.- Proba de coñecemento de lingua galega.

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do Certificado de Lingua Galega 4 (Celga 4) ou título equivalente debidamente homologado deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A relación de persoas aspirantes que deberán realizar esta proba publicarase na sede electrónica da Deputación (no Portal de Emprego Público CONVOCA), unha vez publicada a puntuación definitiva do primeiro exercicio desta fase de oposición.

O tempo máximo para a realización da proba será de sesenta (60) minutos e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán, a proposta do Tribunal.

A cualificación será de apto ou non apto.

Publicación das puntuacións obtidas en fase de oposición:

Concluída a fase de oposición, o Tribunal fará pública na sede electrónica desta Deputación provincial, a través do Portal de Emprego Público CONVOCA (https://dacoruna.convoca.online/), a relación de persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima para superala. Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións ás puntuacións provisionais. Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas e, en caso de non realizarse ningunha, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva da fase de oposición farase pública, así mesmo, na sede electrónica desta Deputación provincial, no Portal de Emprego Público CONVOCA (https://dacoruna.convoca.online/).

7.3. Cualificación definitiva.

Resultarán aprobadas no proceso selectivo as persoas aspirantes que, superando a puntuación mínima na fase de oposición, obteñan maior puntuación na suma das puntuacións da fase de concurso e da fase de oposición.

En caso de empate na puntuación total, terase en conta primeiro o apartado 1a) dos méritos baremables e, para desfacer o empate, a antigüidade na Deputación Provincial da Coruña na mesma categoría, corpo ou escala, en segundo lugar a puntuación da fase de oposición e o resto de apartados pola orde en que aparecen.

Por último, en caso de persistir o empate, se no corpo, escala, grupo ou categoría da Deputación se verifica infrarrepresentación do sexo feminino, terá prioridade a muller salvo se, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos os sexos, existen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

A puntuación definitiva obtida no proceso selectivo farase pública na sede electrónica desta Deputación provincial, no Portal de Emprego Público CONVOCA (https://dacoruna.convoca.online/).

Os órganos de selección non poderán propor o acceso á condición de funcionario de carreira dun número superior de aprobados ao das prazas convocadas.

No entanto, sempre que o órgano de selección propoña o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada se desprenda que non cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevindas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún aspirante antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria dos que superen o proceso selectivo e sigan aos propostos, por orde de puntuación, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Oitava.- Listas para seleccionar persoal funcionario interino.

De conformidade coa Disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución de temporalidade no emprego público, elaboraranse bolsas de persoal funcionario interino que se integrarán nas listas xa existentes e que estarán formadas por aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo e non superando este, obteñan a puntuación mínima esixida nas bases específicas da convocatoria.

Segundo o previsto no artigo 3 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 119, do 30 de

xullo de 2020), tratándose de procesos selectivos realizados para a cobertura de prazas incursas nos procesos de estabilización terase en conta, ademais das notas obtidas polos aspirantes que aprobasen algún exercicio (neste caso, que obteñan a puntuación mínima que se esixa na convocatoria), a puntuación obtida na fase de concurso.

Novena.- Recursos.

Estas bases así como os actos administrativos que se deriven da presente convocatoria e as actuacións do Tribunal cualificador do proceso selectivo poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO

PROGRAMA DE PROFESOR/A TÉCNICO DE FORMACIÓN PROFESIONAL,

PARTE XERAL COMÚN A TODAS LAS ESPECIALIDADES

1.- A Constitución española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

3.- Organización territorial do Estado na Constitución.

4.- Réxime local español: clases de entidades locais.

5.- A provincia. Organización provincial. Competencias das provincias.

6.- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: clases de empregados públicos. Dereitos individuais, dereitos individuais exercidos colectivamente. Deberes dos empregados públicos. Código de conduta.

7.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Requisitos dos actos administrativos. Eficacia e efectos dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade

8.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal: Principios de protección.

9.- Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

10.- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia: Uso oficial do galego. Ordenanza do uso da lingua galega na Deputación da Coruña (BOP 186, do 29 de setembro de 2017).

ESPECIALIDADE MECANIZADO E MANTEMENTO DE MÁQUINAS, IES ROSALÍA MERA.

PARTE ESPECÍFICA

Bloque 1: Programación e organización do proceso mecanizado por control numérico.

1. Tipos e técnicas de programación.
2. Procedementos e preparación das máquinas en función das características do proceso que se vaia realizar.
3. Estrutura dos programas.
4. Linguaxes de programación de control numérico.
5. Programar e simular no computador.

Bloque 2: Preparación e mecanizado en máquinas de control numérico.

6. Valores e instrumentos de medición.
7. Verificación e control.
8. Útiles, ferramentas e parámetros.
9. Manexo e uso de máquinas de control numérico.

Bloque 3: Fabricación por abrasión.

10. Mecanizado por rectificado.
11. Ferramentas, útiles e os soportes de fixación de pezas.
12. Manexo e uso de máquinas.
13. Verificación e control.

Bloque 4: Fabricación por electroerosión.

14. Mecanizado por electroerosión.
15. Prepara máquinas, equipamentos, útiles e ferramentas.
16. Manexo e uso de máquinas.
17. Verificación e control.

Bloque 5: Fabricación por corte e conformado.

18. Montaxe de pezas, ferramentas, útiles e accesorios.
19. Regulación de parámetros do proceso.
20. Manexo e uso de máquinas.
21. Verificación e control.

Bloque 6: Operacións manuais por arranque de labra, tradeado, cepillado e serraxe.

22. Ferramentas.
23. Montaxe de pezas, ferramentas, útiles e accesorios.
24. Útiles de verificación e medición en función da medida ou do aspecto para comprobar.
25. Manexo e uso de máquinas.
26. Verificación e control.

Bloque 7: Arranque de labra por torneado.

27. Operacións de torneado.
28. Montaxe de pezas, ferramentas, útiles e accesorios.
29. Parámetros empregados.
30. Manexo e uso de máquinas.
31. Verificación e control.
32. Elaboración de follas de proceso.

Bloque 8: Arranque de labra por fresado.

33. Mecanizado por fresado.
34. Tallado de engranaxes.
35. Operacións de fresado.
36. Montaxe de pezas, ferramentas, útiles e accesorios.
37. Manexo e uso de máquinas.
38. Verificación e control.
39. Elaboración de follas de proceso.

Bloque 9: Programación e coñecementos de sistemas automatizados.

40. Operacións auxiliares de automatización.
41. Control de procesos e sistemas cableados e programables.
42. Medios de manipulación, transporte e almacenamento.
43. Simboloxía e elementos.

44. Automatización pneumática, hidráulica, eléctrica, electrónica e electroneumohidráulica.

Bloque 10: Regulación e preparación de sistemas automatizados.

45. Posta a punto de equipamentos, elementos de regulación, parámetros de control, procedementos para efectuar as medicións.
46. Elementos de regulación: pneumáticos, hidráulicos e eléctricos.
47. Simboloxía e magnitudes.
48. Reglaxe e posta a punto de calquera tipo de máquina automatizada.

ESPECIALIDADE INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS, IES ROSALÍA MERA.

PARTE ESPECÍFICA

Bloque 1: Operacións de deseño e mecanizado do cadro.

1. Determinar o proceso para seguir nas operacións de mecanizado, interpretar planos e documentación técnica.
2. Debuxar elementos básicos e conxuntos aplicando a normalización.
3. Executar operacións de mecanizado aplicando técnicas de medición e marcaxe, e utilizando máquinas e ferramentas**.**

Bloque 2: Automatismos cableados.

4. Configurar circuítos básicos de protección, mando e potencia, seleccionar os seus elementos e elaborar esquemas.
5. Montar circuítos de automatismos para manobras de pequenos motores, interpretar esquemas, e verificar o seu funcionamento.
6. Montar cadros e sistemas eléctricos asociados, interpretar documentación técnica, e verificar o seu funcionamento.
7. Localizar avarías e disfuncións na instalación, analizar os síntomas e identificar as causas que as producen
8. Reparar avarías e disfuncións na instalación mediante o axuste ou a substitución dos elementos defectuosos.
9. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previlos.

Bloque 3: Automatismos programados.

10. Configurar circuítos básicos de sistemas automáticos con control programable, seleccionar os seus elementos e elaborar esquemas.
11. Montar e manter sistemas automáticos con control programable, interpretar documentación técnica e verificar o seu funcionamento.
12. Localizar avarías e disfuncións na instalación, análise dos síntomas e a identificación das súas causas, e reparar os elementos defectuosos a través do seu axuste ou da súa substitución.

Bloque 4: Instalacións eléctricas de vivendas e de edificios de vivendas.

13. Configurar e montar circuítos eléctricos básicos, interpretar a documentación técnica.
14. Configurar e montar as instalacións eléctricas dunha vivenda con grao de electrificación básico e elevado, así como a instalación de servizos xerais dun edificio de vivendas, aplicando o regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT).
15. Documentación técnica e administrativa de instalacións de vivendas con grao de electrificación básico e elevado, así como de instalacións de servizos xerais dun edificio, atendendo ao REBT.
16. Manter instalacións interiores de vivendas e de servizos xerais dos edificios aplicando técnicas de medicións eléctricas.
17. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previlos.

Bloque 5: Instalacións eléctricas en locais de tipo comercial e industrial.

18. Configurar e montar, conforme a normativa, a instalación eléctrica dun local de pública concorrencia, así como os aspectos diferenciais dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e das instalacións con fins especiais, e xustificar cada elemento no seu conxunto.
19. Verificar a posta en servizo dunha instalación dun local de pública concorrencia, dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e de instalacións con fins especiais atendendo ás especificacións do REBT.
20. Formalizar a documentación técnica e administrativa dun local de pública concorrencia, dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e de instalacións con fins especiais, atendendo ao REBT.
21. Manter instalacións de locais de pública concorrencia, locais con risco de incendio ou explosión, locais de características especiais e instalacións con fins

especiais aplicando técnicas de medicións eléctricas, tendo en conta a relación entre a disfunción e a súa causa.

22. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previlos.

Bloque 6: Instalacións electroacústicas.

23. Recoñecer elementos e equipamentos das instalacións electroacústicas, de seguridade e de CCTV, identificar as partes que as compoñen e as súas características máis salientables.
24. Configurar instalacións electroacústicas e de seguridade, para o que determina os elementos que as conforman, seleccionar compoñentes e equipamentos.
25. Montar instalacións electroacústicas e de seguridade, interpretar documentación técnica e aplicar técnicas de montaxe.
26. Verificar e axustar os elementos das instalacións electroacústicas e de seguridade, medir os parámetros significativos, e interpretar os seus resultados.
27. Manter equipamentos e instalacións electroacústicas e de seguridade aplicando técnicas de detección, e relacionar as disfuncións coas súas causas.
28. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previlos.

Bloque 7: Infraestruturas comúns de telecomunicación en vivendas e edificios.

29. Configurar pequenas instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións para vivendas e edificios, determinar os elementos que a conforman e seleccionar os compoñentes e os equipamentos.
30. Montar instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións para vivendas e edificios, interpretar documentación técnica e aplicar técnicas de montaxe.
31. Verificar e axustar os elementos das instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións, medida dos parámetros significativos e interpretación dos seus resultados.
32. Localizar avarías e disfuncións en equipamentos e instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións aplicando técnicas de detección, e relacionar as disfuncións coas súas causas.
33. Reparar instalacións de infraestruturas de telecomunicacións aplicando técnicas de corrección de disfuncións e substitución de compoñentes.

34. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previlos.

Bloque 8: Instalacións domóticas.

35. Configurar sistemas técnicos, xustificar a súa elección e recoñecer o seu funcionamento.
36. Montar pequenas instalacións automatizadas en vivendas e edificios, seleccionar os elementos que as conforman.
37. Montar as áreas de control dunha instalación domótica seguindo os procedementos establecidos.
38. Manter instalacións domóticas, atendendo ás especificacións do sistema.
39. Diagnosticar avarías e disfuncións en equipamentos e instalacións domóticas aplicando técnicas de medición e relacionar as avarías coas súas causas.
40. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previlos.

Bloque 9: Máquinas eléctricas.

41. Elaborar documentación técnica de transformadores eléctricos, relacionar símbolos normalizados e representar graficamente elementos e procedementos.
42. Montar transformadores monofásicos e trifásicos, ensamblando os seus elementos, verificar o seu funcionamento.
43. Manter e reparar transformadores, realizar comprobacións e axustes para a posta en servizo.
44. Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental e identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previlos.

Bloque 10: Máquinas rotativas.

45. Elaborar documentación técnica de máquinas eléctricas, relacionar símbolos normalizados e representar graficamente elementos e procedementos.
46. Montar máquinas eléctricas rotativas, ensamblar os seus elementos e verificar o seu funcionamento.
47. Manter e reparar máquinas eléctricas rotativas, realizar comprobacións e axustes para a posta en servizo.
48. Realizar manobras características en máquinas rotativas, interpretar esquemas e aplicar técnicas de montaxe.